



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 30/04/2009

ACTA Nº5

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Susana López Abella, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D^a. M^a Cándida Carneiro Blanco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día trinta de abril de dous mil nove, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º.- TOMA DE POSESION DOS CONCELEIROS DO GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE, D. XOSÉ MANUEL LEDO FERNÁNDEZ E D. HECTOR LEDO RODRÍGUEZ.

Tendo en conta que no pleno ordinario de data 26/03/2009 tomouse razón das renuncias ao cargo do Concelleiro do Grupo PSdG-PSOE, de D. Roberto Igrexas Delgado e D^a Araceli Río



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Bimbiela, solicitándose á Xunta Electoral Central as credenciais acreditativas da condición de electo dos candidatos seguintes na lista presentada polo PSdG-PSOE nas últimas eleccións locais de 27/05/2007, D. Xosé Manuel Ledo Fernández e D. Hector Ledo Rodríguez.

Tendo en conta que constan no expediente as credenciais expedidas pola Xunta Electoral Central e as declaracións de bens, actividades e posibles causas de incompatibilidade de D. Xosé Manuel Ledo Fernández e D. Hector Ledo Rodríguez, debidamente inscritas no Rexistro de intereses da Corporación, dando cumprimento aos artigos 75 da LBRL e 182 da LOREG. De acordo co disposto no RD 707/79, que regula as fórmulas para a toma de posesión dos cargos ou funcións públicas, procede efectuar xuramento ou promesa persoal dos cargos:

“Eu, D. Xosé Manuel Ledo Fernández prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”..

“Eu, D. Hector Ledo Rodríguez prometo cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

Concluídas as promesas o Sr. Alcalde dá a benvinda aos concelleiros, quedando posesionados dous os seus cargos, adquirindo a todos os efectos a condición de concelleiros do Concello de Chantada.

2º.- TOMA RAZÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRA DO GRUPO PP D^a. SUSANA LÓPEZ ABELLA.

Visto o escrito da concelleira de grupo PP D^a. M^a Susana López Abella, de data 24/04/2009, RE nº1361, no que comunica a renuncia ao cargo de concelleira do Concello de Chantada polas novas responsabilidades como Secretaria Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Vista a lista presentada polo grupo PP nas últimas eleccións locais de 27/05/2007 na que aparece como seguinte candidata D^a M^a Isabel Carbón Seijas.

Considerando o disposto respecto diso nos artigos 73 e seguintes da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, os artigos 9 e seguintes do RD 2568/86, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das corporacións Locais.

Considerando o disposto no artigo 182 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, así como a Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central de substitución de cargos representativos locais.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Tomar razón da renuncia de D^a. M^a Susana López Abella ao cargo de concelleira do grupo PP do Concello de Chantada, declarando unha vacante no posto de concelleiro deste Concello.

SEGUNDO.- Solicitar da Xunta Electoral Central que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor da seguinte candidata na lista presentada polo grupo PP nas

últimas eleccións locais de 27/05/2007, que a xuízo da Corporación é D^a M^a Isabel Carbón Seijas.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

A Sra. López Abella explica que renuncia ao cargo debido ás novas responsabilidades como membro do goberno da Xunta de Galicia, e concretamente como Secretaria Xeral de Benestar da consellería de Traballo, vese obrigada a presentar a renuncia ao cargo de concelleira. Agradece ao Sr. Alcalde, a todos os funcionarios do Concello, e aos compañeiros e grupos políticos a amabilidade, comprensión e axuda durante estes dous anos, afirmando que no ano 2007 tiña a intención de concluír o mandato, pero que a súa situación actual é incompatible co cargo de concelleira. Pide desculpas polos erros cometidos e ponse a disposición da Corporación e do Sr. Alcalde para que desde a súa responsabilidade poida ter unha absoluta colaboración nas materias nas que o Sr. Alcalde e a Corporación consideren oportunas.

O Sr. Alcalde agradécelle o traballo realizado como concelleira e dálle o parabén por ese novo cargo na Xunta de Galicia, sinalando que por parte do Concello de Chantada vai ter a colaboración que sexa necesaria co goberno da Xunta de Galicia.

O Sr. Piñeiro, en nome do grupo BNG lle dá os parabéns por este nomeamento, e sinala que o cargo de Secretaria Xeral de Familia e Benestar é un cargo de responsabilidade no novo goberno galego, referíndose ao termo de cooperación institucional que pode contribuír a alcanzar os distintos obxectivos que temos marcados, e que sempre é mellor que traballar de forma separada e en competición.

O Sr. Varela afirma que desde o grupo que a acolleu como candidata nas últimas eleccións municipais deséxanlle os maiores éxitos neste novo cargo na Xunta de Galicia, e que aínda que ten responsabilidades en toda Galicia, seguramente se vai a acordar de Chantada e ímosllo a agradecer. Así mesmo dá a benvinda aos dous concelleiros do grupo PSDG-PSOE que se incorporan hoxe.

A Sra. López Abella reitera as grazas a todos pola colaboración e a axuda durante estes anos, e ponse a disposición de todos na área que lle corresponde polo ben de todos os chantadinos, e como vínculo de coordinación con outras áreas polo ben dos nosos veciños, desculpándose por ter que abandonar a sesión plenaria neste momento para non incorrer en incompatibilidade.

Neste momento abandona o Pleno a Sra. López Abella.

3º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26/03/2009.

Polo Sr. alcalde dase a coñecer a acta da sesión anterior pendente de aprobación correspondente a sesión ordinaria de data 26/03/2009. O non haber observacións enténdense aprobada por unanimidade.

4º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

Non presentáronse.

TRAMITE DE URXENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia preguntou os concelleiros se tiñan algún asunto para sometelo a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.

Xustificación da urxencia da moción do grupo municipal do Partido Popular ao respecto da situación do sector lácteo na comarca de Chantada.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Janeiro xustifica a urxencia da moción na *defensa do sector lácteo na concentración convocada para o próximo venres día 8 de maio en Chantada.*

Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

MOCION DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR AO RESPECTO DA SITUACION DO SECTOR LACTEO NA COMARCA DE CHANTADA

Ante a profunda preocupación manifestada polas Organizacións Agrarias, Gandeiros e Coopertativas de Chantada, na que se solicita apoio á Concentración convocada en defensa do sector lácteo do venres día 8 de maio en Chantada, e trala reunión urxente mantida no Partido Popular de Chantada.

EXPOÑEN:

O sector lácteo atravesa unha situación crítica con prezos de auténtica ruina e ameazas de que o leite se lle poida deixar de recoller, o que supón pois unha cuestión inxusta tanto para os nosos veciños produtores, coma para todo o entramado económico e social de Chantada. A Comarca de Chantada ven sendo unha das de maior produción láctea de Galicia e de España, cun número preto de 1.000 explotacións e unha produción de unhas 100.000 toneladas anuais de leite.

As explotacións da Comarca de Chantada son modelo de profesionalización no sector lácteo, e ata o momento fixeron un gran esforzo inversor, tanto na súa modernización, como mesmo na compra de cdocta láctea.

E por elo ACORDAN:

- 1) Apoiar incondicionalmente a concentración convocada polas organizacións agrarias e Cooperativas para o xoves día 8 de Maio en Chantada.*
- 2) Continuar respaldando calqueira outra mobilización do sector que poidera contribuir a solucionar a problemática exporta.*
- 3) Instar a Ministra de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, para que cumpra as suas obrigas co sector produtor na procura dunha resposta urxente e satisfactoria para os nosos gandeiros.”*

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Alcalde móstrase de acordo, sinalando que as organizacións agrarias dirixíronse ao Concello para solicitar apoio para o desprazamento a Madrid e o Concello fíxose cargo dos gastos de autobuses. Sinala tamén que hai un acordo de todos os grupos políticos no Parlamento para apoialos e dar facilidades para que a concentración sexa un éxito, xa que somos conscientes de que é un sector fundamental da nosa economía.

O Sr. Piñeiro móstrase tamén de acordo, sinalando que hai uns acordos do Parlamento do Estado neste sentido que apoiamos do mesmo xeito que apoiamos as reivindicacións do sector lácteo e gandeiro do noso país.

Sometida a moción de urxencia a votación é aprobada por unanimidade.

Xustificación da urxencia da Proposición de Resolucion do “Contrato de xestión indirecta do servizo público de gardería infantil municipal de Chantada” para integración na rede galega de escolas infantis do consorcio galego de servizos de igualdade e benestar.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Piñeiro xustifica a proposición de urxencia por motivos de prazos, xa que o informe económico que fixaba a indemnización a percibir polo concesionario realizouse o venres sen que dese tempo a convocar a preceptiva comisión informativa; tamén porque tiñamos presente no Pleno á Secretaría Xeral de Benestar para coñecer de primeira man a nova política da Xunta de Galicia respecto das escolas infantís e para saber se as condicións pactadas co Consorcio seguen vixentes co novo goberno.

O Sr. Varela non ve inconveniente en votar a favor da urxencia como se fixo noutros casos, pero recorda ao Tenente de Alcalde que se debería esperar a que a ver como a nova Xunta resolve o tema das garderías, sinalando que en calquera caso se se aproba a urxencia e débátese o asunto vanse a abster na votación.

Sometida a urxencia a votación é aprobada por unanimidade.

RESOLUCION “CONTRATO DE XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO PÚBLICO DE GARDERÍA INFANTIL MUNICIPAL DE CHANTADA” PARA INTEGRACION NA REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTIS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR. EXPTE: 264/86/2009.

D. Ildfonso Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas polo Decreto de data 29/08/2007, de delegacións de atribucións de Alcaldía no Tenente de Alcalde, e por motivos de urxencia ao amparo dos artigos 82.3, 93 e 97.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Resultando que por acordo plenario do día 8/11/2004 adjudicouse o “Contrato de xestión indirecta do servizo público de Gardería Infantil Municipal de Chantada” a D. Luis González Gallego, formalizándose en contrato administrativo do día 29/11/2004, para a prestación do servizo a partir do día 1/01/2005.

Resultando que por acordo plenario de data 27/09/2007 aprobouse a integración do Concello de Chantada no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os estatutos do Consorcio publicados no DOGA de data 7/07/2006, designándose como representante do Concello nos órganos reitores do Consorcio ao tenente de alcalde, D. Ildfonso Piñeiro Díaz (convenio formalizado o día 10/10/2007).

Vista a proposta de convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Chantada para a xestión da Galescola de Chantada integrada na Rede Galega de Escolas Infantís, onde se establecen as seguintes condicións e obrigacións para o Concello:

- Prazo de duración de 10 anos, prorrogables automaticamente por periodos de igual duración.
- Cesión de uso do inmovible dedicado a gardería no parque do antigo campo da feira de Chantada.
- Custos de mantemento xeral do edificio e dos exteriores.
- Custos de limpeza integral do centro, vixilancia e seguridade do mesmo.
- Outros medios precisos para o funcionamento do centro segundo o anexo I do convenio.
- O Concello achegará por estes conceptos de ata o 30% dos gastos totais de funcionamento e mantemento do centro.
- Participación na xestión do centro e na selección dos alumnos nos termos das normas de carácter interno, formando parte do organismo de selección do persoal do centro.

Visto o informe xurídico do Secretario municipal do día 24/02/2009.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Vistos os informes de Intervención municipal do día 10/03/2009 sobre os custos do servizo de gardería e a rescisión contractual do servizo de gardería.

Visto o trámite de audiencia concedido o actual concesionario do servizo en data 11/03/2009 en relación coa resolución do contrato por rescate do servizo para integrar a Gardería infantil municipal de Chantada na Rede Galega de Escolas Infantís.

Visto o escrito de alegacións de D. Manuel Romero Rey, en nome e representación do concesionario do servizo D. Luis González Gallego, do día 25/03/2009, RE nº 1025.

Visto o novo informe de Intervención municipal do día 24/04/2009 sobre a rescisión contractual do servizo de gardería e a indemnización a abonar ao concesionario.

Considerando o disposto nos artigos 55, 57 e 87 da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6.5, 54 e 88 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Considerando o disposto nos artigos 21, 22 e 23.2 b) da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; 53.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e no Decreto da alcaldía de data 28/09/2007, de delegación xenérica de atribucións no tenente de alcalde en materia de benestar social entre outras.

Considerando o disposto no artigo 47.2 h) da Lei da Lei 7/1995 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en canto á esixencia de maioría absoluta para a aprobación de acordos de transferencia de funcións o actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Piñeiro expón os seguintes argumentos e motivos de interese público que xustifican o cambio de xestión das escolas infantís:

A educación supón un pilar fundamental para o desenvolvemento e benestar do Concello. En consecuencia, e a todos os niveis, incluído o local, tentamos acadar un sistema educativo público. Por iso, perseguimos un sistema planificado e ordenado en función das nosas necesidades, inserido na nosa realidade social, económica e cultural e ao servizo de todos. - Defendemos que os servizos adicados á atención educativa das e dos menores de tres anos debe facerse desde a resposta a unha necesidade e a un dereito das propias crianzas que na sociedade actual precisan de contextos ricos nos que socializarse, aprender e desenvolverse.

Entendemos o que é de todos, o que está aberto a todos, ao que mira polo ben de todos e a aquilo que desenvolve a igualdade de oportunidades para todos. Educación Pública será pois, a Educación que satisfará as necesidades de desenvolvemento de toda a cidadanía, o servizo de calidade asegurará todos os dereitos en igualdade de oportunidades.

A rede do Consorcio conta cun compromiso claro coa formación continua desde o inicio da educación, un paso imprescindible para acadar a meta do ensino de calidade xa que os medios son en todos os casos do máximo nivel, unha parella educativa en cada aula, materiais docentes de primeira, un programa educativo coherente e coordinado e unha excelente atención aos alumnos e aos pais e nais.

En canto que á decisión de resolver o contrato ao igual que o anterior goberno municipal decidiu no seu día "privatizar" o servizo, o mesmo dereito debería ter o actual



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

gobierno de poder decidir outro tipo de xestión, como así o levamos dito desde o principio, mesmo na campaña electoral das derradeiras eleccións municipais.

En canto a forma de prestar o servizo, non se trata de denunciar nada ao respecto do servizo prestado, somos coñecedores da satisfacción manifestada por parte dos usuarios e de que o servizo foi prestado, nas súas propias declaracións, con absoluta corrección e normalidade, trátase pola contra, de rescatar o servizo para unha xestión pública antes do remate da concesión, coa correspondente indemnización, evitando deste xeito, e sempre baixo o noso punto de vista, as molestias que se poderían ocasionar aos usuarios, á empresa concesionaria, aos traballadores e ao concello ao facer os cambios en pleno curso escolar.

En canto ao custo económico, os custos de funcionamento da concesión son de algo mais de 96.000 euros ao ano, que se se suman os gastos ordinarios de subministracións e material chegan a algo máis de 107.000 euros ao ano. En canto aos ingresos, están as matriculas dos usuarios, uns 17.000 euros en 2008, e as subvencións da Xunta de Galicia, uns 21.000 euros en 2008, o que suman uns 38.000 euros ao ano; achegando o Concello uns 69.000 euros ao ano. E para a integración no Consorcio o pacto ao que se chegou foi que o custo mensual da praza era de 450 euros, polo que o custo anual era de 5.400 euros, e o custo total do servizo de 221.400 euros para 41 alumnos. O Concello faríase cargo do 30% por importe de 76.420 euros, nos que computan os gastos de mantemento do a escola infantil que faga o Concello ao longo de todo o ano, que en ano 2008 foron duns 10.000 euros, polo que o custo para o Concello seía de 66.420 euros, menos aqueles gastos xerais que se computen no ano 2009, incluída a indemnización ao concesionario.

O Sr. Varela sinala que como xa se dixo na comisión informativa, sería mais prudente esperar a ver en que situación quedan as garderías, xa que se pasan a Educación o Concello non tería que pagar nada, e a Xunta de Galicia faríase cargo de todo, xa que é unha competencia que está transferida ás comunidades autónomas, e os Concellos non teñen porqué asumila esa competencia se non vai acompañada dos ingresos correspondentes, polo que habería que reclamar á Xunta que se fixese cargo de todos os gastos. Sinala tamén que na exposición do Sr. Piñeiro hai unha pequena trampa, xa que está facendo as contas para 41 alumnos cando actualmente hai 52 ou 53 alumnos polo que o gasto sería maior, concluindo que o seu grupo vaise abster e que deberían de esperarse a ver que sucede.

O Sr. Alcalde expón que quizais habería que ser mais prudentes e esperar a ver o que pasa co Consorcio, xa que pode pasar que tomemos un acordo de integración no Consorcio e que finalmente non se leve a cabo, pero que o tema o tiña pactado o Tenente de Alcalde con anterioridade polo que o imos a apoiar.

O Sr. Piñeiro di que non hai ningunha trampa, que é un preacordo co Consorcio con 41 alumnos para intentar reducir a achega do Concello, por iso insistió en que a Sra. Abella quedase no pleno para que nos dixese a postura da Xunta neste asunto, xa que a intención era reducir a achega e tamén dar un servizo de calidade. Apunta tamén que se está negociando coa Deputación unha linea de axudas para que salga mais rendible a achega que temos que facer os Concellos, concluindo que de todos os xeitos estaría disposto a esperar e debater de novo o tema unha vez pronúnciese o novo goberno.

O Pleno da Corporación por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos BNG e PSOE e cinco abtencions correspondentes aos membros do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas polo concesionario do servizo D. Luis González Gallego en relación co rescate do servizo de gardería polos seguintes motivos:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- En canto que á decisión de resolver o contrato ao igual que o anterior goberno municipal decidiu no seu día "privatizar" o servizo, o mesmo dereito debería ter o actual goberno de poder decidir outro tipo de xestión, como así o levamos dito desde o principio, mesmo na campaña electoral das derradeiras eleccións municipais.

- En canto a posición do "futuro Goberno de Galicia", decir que o primeiro paso será a constitución do Parlamento Galego polo que as declaracións feitas até o momento non son dun goberno senon dun partido político. A situación de dereito é que o Concello de Chantada vai asinar un convenio con outra institución, neste caso coa propia Xunta de Galicia e que esta debe de respetar cambie ou non de goberno.

- En canto a forma de prestar o servizo, non se trata de denunciar nada ao respecto do servizo prestado, somos coñecedores da satisfacción manifestada por parte dos usuarios e de que o servizo foi prestado, nas súas propias declaracións, con absoluta corrección e normalidade, trátase pola contra, de rescatar o servizo para unha xestión pública antes do remate da concesión, coa correspondente indemnización, evitando deste xeito, e sempre baixo o noso punto de vista, as molestias que se poderían ocasionar aos usuarios, á empresa concesionaria, aos traballadores e ao concello ao facer os cambios en pleno curso escolar.

- En canto a que as arcas municipais van a saír peor paradas coa resolución contractual que se pretende, no expediente constan os informes económico-financieros do día 10/03/2009 de redución de custos da gardería municipal dentro do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

SEGUNDO.- Estimar a alegación do concesionario en canto ao cálculo da indemnización a percibir de acordo co artigo 167 do TRLAP, procedendo a indemnizarlle na contía de 11.005,08 euros pola antelación de catro meses efectivos na finalización do contrato e ou beneficio deixado de percibir durante ese período.

TERCERO.- Resolver o "Contrato de xestión indirecta do servizo público de Gardería Infantil Municipal de Chantada" por rescate do servizo con efectos do próximo día 30/08/2009 para integrar a Gardería infantil municipal de Chantada na Rede Galega de Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguintes motivos de intereses público:

- A educación supón un pilar fundamental para o desenvolvemento e benestar do Concello. En consecuencia, e a todos os niveis, incluído o local, tentamos acadar un sistema educativo público. Por iso, perseguimos un sistema planificado e ordenado en función das nosas necesidades, inserido na nosa realidade social, económica e cultural e ao servizo de todos.

- Defendemos que os servizos adicados á atención educativa das e dos menores de tres anos debe facerse desde a resposta a unha necesidade e a un dereito das propias crianzas que na sociedade actual precisan de contextos ricos nos que socializarse, aprender e desenvolverse. Así, a atención educativa á primeira infancia debe asentarse sobre unha concepción positiva da mesma, unha infancia protagonista na construción dos seus coñecementos e do seu desenvolvemento. Nesa construción, será fundamental a interacción coas persoas adultas, cos iguais e cos obxectos.

- As Escolas Infantís son unha realidade de calidade. Calidade nos espazos e nos ambientes educativos, calidade na atención dos e das profesionais e calidade na formación permanente do seu persoal. Por público entendemos o que é de todos, o que está aberto a todos, ao que mira polo ben de todos e a aquilo que desenvolve a igualdade de oportunidades para todos. Educación Pública será pois, a Educación que satisfará as necesidades de desenvolvemento de toda a cidadanía, o servizo de calidade asegurará todos os dereitos en igualdade de oportunidades.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- Consideramos que debemos estender estes estándares, tendo presente que as escolas Infantís son o primeiro chanzo do Sistema Educativo e que cómpre seguir a ser ambiciosos e seguir os pasos xa dados para vincular a Educación 0-3 ao pensamento pedagóxico máis avanzado. As Escolas Infantís son os centros educativos da Rede Galega de primeiro ciclo (0 a 3 anos) xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Constituíuse para avanzar cara ao obxectivo de que todos os nenos e nenas poidan

ser acollidos, coidados e educados en contextos de calidade, en que se responda ás súas necesidades, en que se respecten os seus dereitos, medren seguros e integrados nas súas comunidades e en que sexan axudados a desenvolveren todas as súas capacidades. Isto non quere dicir que coa súa xestión non se intentara acadar.

- Este servizo público responde tamén ás necesidades das familias, tratando de axudar a nais e pais a conciliaren a súa vida laboral e persoal, con independencia do seu lugar de residencia, para superar as desigualdades territoriais e as diferenzas existentes entre as poboacións rurais e as urbanas na dotación deste tipo de equipamentos.

- A aposta pola calidade vertébrase, no modelo que propoñemos, arredor de dous elementos fundamentais: a redución da ratio de alumnos/as por educador/a e a formación continua. Para facer posible o primeiro, apóstase pola parella educativa, isto é, a presenza de dúas persoas educadoras por cada aula, o que permite unha atención óptima ás crianzas ao tempo que obriga a elaborar un traballo en equipo constante.

- Ademais, a rede do Consorcio conta cun compromiso claro coa formación continua desde o inicio da educación, un paso imprescindible para acadar a meta do ensino de calidade xa que os medios son en todos os casos do máximo nivel, unha parella educativa en cada aula, materiais docentes de primeira, un programa educativo coherente e coordinado e unha excelente atención aos alumnos e aos pais e nais.

CUARTO.- Integrar con efectos do día 1/09/2009 a Gardería infantil municipal de Chantada na Rede Galega de Escolas Infantís do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, de acordo coas condicións da “Proposta de convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Chantada para a xestión da Galescola de Chantada integrada na Rede Galega de Escolas Infantís”, autorizando ao Sr. Tenente de Alcalde para a sinatura do correspondente convenio.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. Luis González Gallego, e comunicalo aos servizos centrais do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Xunta de Galicia.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

1. Sr. Varela: Dixéronnos que era conveniente substituír a area ou darlle unha limpeza na zona de columpios do parque de Rosalía de Castro.

2. Sr. Varela: Tivemos queixas de veciños de Santa Mariña e sería conveniente dicirlle a “Celtaprix” que bote herbicida para que non creza herba nas beirarrúas nas saídas a Lugo, Monforte e Lalín; e tamén que se repoña un colector que lles falta aos veciños de San Pedro de Viana desde fai mais dun mes.

3. Sr. Varela: Hai queixas dos usuarios das piscinas, xa que na entrada ás veces non poden pasar dous coches porque hai coches aparcados na zona amarela da esquina da Avda de Orense.

PREGUNTAS:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

1. Sr. Varela: Cando se van a presentar os orzamentos de 2009.

- Sr. Alcalde: Aínda non están, agora hai unha nova normativa do goberno central que modifica as condicións orzamentarias, e para solicitar os créditos extraordinarios hai que esperar a ter aprobada a liquidación do orzamento de 2008, estarán ao longo do próximo mes.

2. Sr. Varela: En que situación está o Plan Xeral de Ordenación Urbana?

- Sr. Alcalde: Está practicamente ultimado, pendente da modificación puntual para reordenar a praza de Galicia onde se sitúa o novo Concello, e pensamos traer os dous temas ao mesmo tempo.

3. Sr. Varela: Se lle dió licenza de obras a “Correos” para facer unha rampla na beirarrúa da Avenida de Monforte?

- Sr. Alcalde: Non, a día de hoxe non teñen licenza de obra municipal. Os directivos de “Correos” e os técnicos encargados das obras dixéronnos que están implantando o plan de accesibilidade en toda Galicia, e dado que esta rampla non gusta están buscando outras solucións aínda que teñen que contar coa autorización da comunidade de propietarios para cortar parte do forxado do soto. En todo caso se se informa favorable polo técnico municipal daráselles licenza de obra, ata agora só requiríuse documentación.

- Sr. Varela: Non creee que é unha irresponsabilidade de “Correos” facer unha obra desta envergadura na vía pública? Non debería parar as obras automaticamente e restituír a beirarrúa ao seu estado inicial?

- Sr. Alcalde: Paralizouse en canto se tivo coñecemento, e unha vez infórmese polo técnico municipal concederáselle a licenza correspondente, e no caso de que non sexa viable restituírase.

E sendo, as vinte horas e cincuenta minutos, e tendo cumprido ou obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 30 de abril de 2009

O Alcalde

O Secretario

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel